

24 SETEMBRO

FOLGA CLIMÁTICA ESTUDANTIL GLOBAL

O capitalismo

MATA

O PLANETA

Sindicato de
Estudantes



MANIFESTAÇÕES

Consulta na nosa web



Ningún recuncho do planeta escapa da destrución ambiental á que nos condena o sistema capitalista. Os terribles incendios en Grecia ou California, as vagas de calor que asfixiaron Canadá e a costa oeste de EEUU, o desxeo no territorio ártico, as toneladas de peixes mortos no Mar Menor, a proliferación de virus e pandemias... son a crónica dunha catástrofe climática que avanza a un ritmo imparabile.

Destruír a natureza enriquece aos poderosos

O resultado da actuación destrutiva do modo de produción capitalista sobre o ecosistema –coa complicidade dos gobernos que sosteñen a chamada economía de mercado– e a responsabilidade das grandes empresas xa non se poden ocultar máis. O 80% das emisións de CO₂ está concentrado en só 100 multinacionais!

Todos os gobernos, ben sexan abertamente de dereitas ou ben autodenominados socialdemócratas, insísten unha e outra vez en que se están a tomar medidas para frear o cambio climático. Mentira! Todos os cumes climáticos fracasaron porque están organizados e controlados polas mesmas empresas que arrasan o planeta para encherse os petos.

As propaganda ecoloxista das empresas eléctricas, de gas e petroleiras, dos bancos ou as grandes firmas téxtiles e agroalimentarias son outra completa fraude. O “verde” está de moda en todos os seus anuncios, pero non é máis que unha farsa descarada para tentar ocultar a súa actividade criminal e, de paso, facer recaer a responsabilidade das catástrofes ambientais sobre comportamentos individuais que son irrelevantes en comparación co inmenso dano que os capitalistas causan ao planeta.

Para salvar o planeta hai que rachar co sistema: Folga climática o 24- S!

Confiar na acción de gobernos e empresas para frear o desastre que vivimos é un erro. Só podemos basearnos nas nosas propias forzas e na nosa capacidade de loita e mobilización.

Por iso, desde o Sindicato de Estudantes chamamos a todas as e os estudantes á folga estudantil climática global do próximo 24 de setembro, a baleirar as aulas e encher as rúas ás 12h.

Só poñendo fin á opresión capitalista, expropiando as grandes multinacionais baixo o control democrático da poboación, poderíamos planificar a actividade produtiva para cubrir as necesidades sociais –educación e sanidade públicas, venda accesible e digna, emprego sen precariedade nin salarios de miseria– e garantir que sexa respectuosa co medio ambiente. Só coa transformación socialista da sociedade lograremos salvar o noso planeta dunha destrución segura e conseguiremos a xustiza social e climática.

Únete ao Sindicato de Estudantes!

**Consulta as manifestacións
en sindicatdestudiants.net**